

Aula 5 anos. Propostas para esta semana:

- Ver nun **calendario** o día da semana no que estamos, o número e o mes e debuxar nesa casilla o tempo que fai. Si tedes un termómetro de exterior podedes tamén apuntar a mesma hora todos os días a temperatura.

- Falar das nosas **emocións**.

*Mais adiante tamén atoparedes unha proposta relacionada co proxecto do trimestre “Emocionarte coas artes”.

* Aquí vos deixo un audioconto sobre a autoestima:

https://www.ivoox.com/player_ej_50495368_4_1.html?c1=ff6600</iframe>

- **Autonomía:** esta semana axudamos a barrer e tender roupa. Si a escoba ten un pau moi longo para os nenos e nenas podedes poñerlle o mango do recolledor, que é mais curto e será mais doado usalo. Intentade tender a roupa interior, xa que a outra é moi grande para manexala.

- **Xogo de mimo:** trátase de adiviñar accións, nomes de películas, animais ou todo o que se vos ocorra só a través de xestos, non vale emitir ruídos nin falar. Unha persoa da familia pensa algo e dillo a outra no oído para que a represente con xestos. Os demais deben adiviñar de que se trata.

- **Lectoescritura:** escribir unha carta a un familiar ou amigo/a e mandarlle por correo ou por foto para que a poida ler.

- **Linguaxe:** propoñovos practicar a dicir uns trabalinguas sinxelos. Ao principio poden parecer un pouco difíciles, pero si practicades seguro que acabades aprendéndoos e vos saen xenial.

Collín cordóns,
cordóns collín.
Pola rúa corro,
cordóns collo.
Pola rúa corrín,
cordóns collín

Por detrás daquel toxo
vai un pito coxo.
Corre, pito coxo,
pito coxo, corre.

A pita pasa,
a pipa pinga.
Cando a pita pasa,
a pipa pinga.

Do queixo non che me queixo,
que o queixo ben che me sabe;
quéixome de quen o vende,
que non mo deixa de balde

- **Reto na cociña:** ¿Qué podemos facer con frutas e vexetais ademais de comelos? Inventa cara como as do exemplo e mándalle unha foto á mestra.



- **Experimento:** tíñamos preparada a exposición dun experimento para a semana da ciencia no colexio. Xa o fixéramos na aula, pero aos nenos e nenas gustoulles moitos. Déixovos a explicación cos pasos para facer:

INFLO UN GLOBO SEN SOPRAR

Explicación científica

Este experimento está relacionado coas reaccións químicas entre diferentes sustancias e as propiedades dos gases.

Algúñas sustancias cando se xuntan con outras transfórmanse, formando unha sustancia diferente. Isto é o sucede cando mesturamos vinagre e bicarbonato. Ao mesturar fórmase dióxido de carbono, que é un gas que se expande para ocupar o espacio e infla o globo.

Materiais necesarios:

- Un globo.
- Bicarbonato sódico.
- Vinagre.
- Unha botella de plástico de medio litro.
- Embudo.
- Unha cuchara.
- Un vaso.



Pasos a seguir:

- Botamos vinagre nunha botella de plástico, ata encher $\frac{1}{4}$ aproximadamente.
- Collemos o globo e coa axuda dun embudo engadimos dentro unha cucharada de bicarbonato.
- Sin que caiga o bicarbonato, colocamos a boca do globo na boca da botella.
- Agarramos ben a boca do globo na botella e levantámolo deixando caer o bicarbonato dentro da botella.
- E tachán!! Como por arte de maxia o globo comeza a inflarse.



-Tecnoloxía:

*Si tedes ordenador, facede un debuxo e pintádeo con “paint” ou unha aplicación similar.

*Cunha cámara de fotos ou teléfono, sacade unha foto desde a vosa ventá e mandádema para participar no proxecto de fotografía do colexio.

* O día 9 foi o Día de Europa, podedes explorar no Google Maps para ver o mapa do mundo e identificar coa familia por onde queda Europa e tamén onde queda España, Galicia e a zona pola que vivides.


- Manualidade: “Emocionarte coas artes”

TRISTEZA

Para traballar a tristeza podedes partir da época azul de Picasso con estes dous cadros:



A actividade plástica proposta sería darlles aos nenos/as un folio DIN-4 no que se botaría acuarela ou tempera de cor azul mesturada con auga. Despois, os nenos/as soprarían por unha palliña para que a pintura corra polo papel formando figuras variadas.



- **Letras Galegas:** este ano a semana das Letras Galegas está adicada a Ricardo Carvalho Calero, escritor, filólogo e lingüista de Ferrol. A continuación deixo unhas propostas.

*Enlace ao blog do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, vida e obra do autor:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgandarasofan/node/1642>

*Dende a Televisión de Galicia están a levar a cabo unha campaña para celebrar as letrasgalegas2020.

Ata o 17 de maio, poetas novos lerán os seus textos a xeito de calendario de advento.

Aquí podedes ver a Ismael Ramos recitando o poema "O futuro":

<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/escoitamos-as-voces-novas-da-poesia-gale...>

* Nenos e nenas do colexio Calvo Sotelo, de O Carballiño (Ourense), interpretan o poema “Fiesta ao mar” do citado autor.

https://www.youtube.com/watch?v=Erc5g_E078Q&feature=youtu.be

*Enlace do blog de infantil con acceso a un xogo sobre o autor:

https://view.genial.ly/5eb042186f16bf0d194d52c8/presentation-letras20?fbclid=IwAR3vULtkISy35u_qw_zj4f4hcmlnF7LR1utZq_N0NUZrd1nMMU_ssMSWxfE

***Radio Picariña:** pon a disposición dos usuarios e usuarias unha selección coas mil mellores cancións en lingua galega para os máis pequenos. É a primeira experiencia de radio dixital para a CRTVG cun formato similar ao de aplicacións como Spotify, que lles ofrece ás persoas a posibilidade de seleccionar a música que desexen escoitar entre todos os temas. Deste xeito, desde o reprodutor pódese navegar por toda a listaxe de cancións e elixir as que se queiran oír, desde o PC ou ben desde dispositivos móbiles. No enlace sae a canción do Maio, pero podeades escoitar mais, xa que se van reproducindo automaticamente ou ir ao listado para escoller outras. A bailar!!

<http://www.crtvg.es/en-directo/canles-directos-rg/radio-picarina>

* Sábados de **contacontos en liña** co Club das Lerchiñas: cada sábado do 9 de maio ao 6 de xuño traerannos os seus contos desde o seu fogar ao noso, porque a narración oral ten esa maxia de non saber de lindes de tempo e de espazo.

https://www.cidadedacultura.gal/gl/evento/club-das-lerchinas-sesion-de-contacontos-en-lina-para-familia?fbclid=IwAR22i5_Rcqci6bGIOvwsbrZeXkuK9-xBCHV0mZXCWd7v6-0o08WZnIA39hU

-**Natureza:** espero que esteades a coidar moito a vosa semente, podeades enviarme fotos si xa empezaron a brotar. Deixo uns enlaces para que vexades, como medra unha semente a cámara rápida e tamén o proceso das flores ao abrise. Son moi chulos.

* Semente: <https://www.youtube.com/watch?v=w77zPAtVTuI>

* Flores: <https://www.youtube.com/watch?v=w77zPAtVTuI>
<https://www.youtube.com/watch?v=LjCzPp-MK48>

-Inglés

*Un pouquiño de todo... <https://youtu.be/D3Vpnkwjblc>

*Para relaxar...Twinkle, twinkle...brila, brila, estreliña ... <https://youtu.be/MfLyKV5a0uM>

*Sweet dreams, good night... Doces sonos, boas noites!<https://youtu.be/OKbpLQp509Y>

Desexo que sexades fortes con estes momentos que estamos a vivir e espero que as saídas e paseos vos desen folgos para aguantar un pouco mais.

Pensade que moitos non ides dispoñer de tanto tempo para pasar en familia e desfrutar dos vosos fillos e fillas. Xa non queda, nada ánimo a todos. Apertas, Laura